



TERRA DE SOÑOS

Co espectáculo Terra de Soños, Fuxan os Ventos volve subir ao palco para reinterpretar os seus xa clásicos temas na compañía dalgúns dos seus melhores amigos e cunha banda dirixida por Xosé Lois Romero –artífice tamén dos arranxos instrumentais para este proxecto–, na que figuran Guillermo Fernández (guitarra), Benjamín Otero (oboe), Simón García (contrabaixo), Roi Adrio (percusión) e o cuarteto de corda Saiva Nova (Fernando Docampo –concertino; Iván Novo –violín; Rosalía Vázquez –violonchelo; e Sergio Siero –viola). O espectáculo foi concebido para celebrarse en dous días consecutivos no Auditorio de Galiza, en Santiago de Compostela, co obxectivo de ser gravado en CD e DVD para a edición do próximo álbum do grupo. Porén, o enorme éxito de convocatoria de ámbalas dúas citas, nas que o Auditorio de Galiza ficou pequeno, animaron ao grupo a iniciar unha nova xira durante este ano 2009 para levar este Terra de soños por todas as cidades de Galiza. Se nas citas compostelanas os nove integrantes de Fuxan -Antón Castro, Xosé Vázquez, Pedro Lucas, Xan L. Fuertes, Carmen Vázquez, Tereixa Novo, Maruxa Fociños, Alfonso Fernández e Moncho Díaz- estiveron acompañados por Xabier Díaz, Guadi Galego, Uxía, Mercedes Peón, Pepe Ferreirós, Rodrigo Romaní, Nova Galega de Danza e Miguel Lustres, na xira de 2009 caberá a posibilidade de que Fuxan conte coa participación de dous deses músicos.

Durante as aproximadamente dúas horas de espectáculo, a escenografía, a formación musical, o audiovisual, o son, a iluminación, o repertorio e a posta en escena están intimamente ligadas, estudiadas e coordinadas para ofrecer ao público asistente un espectáculo vivo, innovador, orixinal e dinámico, cun enorme compoñente emocional, histórico e, como non podía ser doutra maneira tratándose de Fuxan os Ventos, reivindicativo.

O audiovisual é un dos grandes protagonistas do espectáculo: mediante imaxes de arquivo, entrevistas e pequenas videocreacións, o público pode facer en directo unha viaxe visual e sonora pola vida do grupo.

Con oito discos editados e unha traxectoria de máis de trinta anos, Fuxan os Ventos xa traspasou fronteiras e xeracións. Porén, o recoñecemento e a posta en valor da súa achega á cultura galega contemporánea, dende una visión renovada e actualizada, é hoxe cando se presentan máis que necesarios.

A DIRECCIÓN MUSICAL: XOSÉ LOIS ROMERO

Ligado dende cativo á música tradicional galega, a actividade de Xosé Lois Romero desenvólvese a partes iguais entre o acordeón, a percusión e a composición musical. De formación maiormente autodidacta ten sido alumno de mestres coma Víctor Prieto, Abe Rábade, Suso Atanes, Oleg Sharov, Kepa Junquera ou Anne Landa. Dende 1995 é membro do Grupo de Música Tradicional do IGAEM, e ten traballado con numerosos artistas e colaborado con proxectos de índole diversa (Mercedes Peón, Xabier Díaz, Luvas Verdes, Dani Bellón, Doce polainas enteiras, Projecto Ninguém, etc.). Foi compositor e director musical da compañía Nova Galega de Danza, coa que ten acadado o V Premio Opinión ao Mellor Disco Galego de 2005, nos seus espectáculos Alento, e Engado (2006). Na actualidade participa en diversos proxectos do trío Vaamonde, Lamas & Romero, xunto con Suso Vaamonde e Pedro Lamas.

A banda que dirixe Xosé Lois Romero neste Terra de Soños está integrado polo cuarteto de corda Saiva Nova (Fernando Docampo, Iván Novo, Rosalía Vázquez e Sergio Siero), Simón García no contrabaixo, Roi Adrio na percusión, Guillermo Fernández na guitarra, Benjamín Otero no oboe e o propio Xosé Lois no acordeón e na percusión tradicional.

Aló polo ano 1972 un grupo de rapazas e rapaces, que cantan asiduamente no coro do seu colexio de Lugo, deciden formar un grupo de música folk sen máis intención que a de divertirse. O grupo faise chamar Folk 72 e, como tal, participa no III Festival As San Lucas de Mondoñedo (Lugo), un dos más importantes do momento, en outubro do mesmo ano. Tras acadar o primeiro premio coa canción "Fuxan os ventos", o grupo adopta ese título como nome próprio e comeza a realizar actuacións en colexios, festivais, aldeas e vilas, primeiro da provincia de Lugo e logo do resto de Galiza.

No ano 1973 Fuxan os Ventos participa no III Festival Ría de Ares, en Pontedeume, gañando novamente o primeiro premio. No 74 participa noutros certames en Ferrol e Madrid, acadando sempre o recoñecemento da crítica e da prensa especializada.

O seu repertorio, inicialmente formado por música folk universal e música popular galega, vai pouco a pouco inclinándose cara esta última, tanto na súa vertente estritamente popular coma na de composición propia. O contacto coa realidade musical do país, a través das actuacións en núcleos rurais illados, fainos conscientes de que existe un riquísimo patrimonio cultural-musical descoñecido para grande parte da sociedade galega que cómpre dar a coñecer. As proprias actuacións en lugares e aldeas permitenlle ao grupo "recoller" centos de cantigas que os vellos e vellas do lugar gardan na memoria e que irán incorporando ao seu repertorio. Paralelamente, a maduración persoal dos membros do grupo fainos conscientes da realidade socio-política galega e van adquirindo un compromiso cada vez maior, que se traduce na paulatina incorporación de cancións de denuncia dessa realidade: poemas propios e doutros autores son musicados polo grupo, sumándose deste xeito a outros colectivos que loitaban na mesma liña de oposición á dictadura e de reivindicación dun pobo, dun idioma e dunha cultura propia.

Nestes anos a banda participa activamente na montaxe e representación dun espectáculo costumista-musical de nome "Galicia canta ó neno", escenificación do xeito de vivir as festas do Nadal en Galiza. Recólleñse centos de panxoliñas, aguinaldos, cantos de reis, etc., e, durante os días de Nadal, represéntase o espectáculo por diversas aldeas, vilas e cidades do país. Nel participan, ademáis do propio grupo, outras moitas persoas e colectivos. A produción percorre Galiza ao longo de varios anos.

Algunhas discográficas amosan interese polo traballo do grupo e, en 1976, asínase un contrato coa discográfica Philips-Fonogram por catro discos: *Fuxan os ventos* (1976), *O Tequeletéquele* (1977), *Galicia canta ó neno* (1978) e *Sementeira* (1979).

Nesta época, e por mor de múltiples factores (a edición dos discos, a televisión e, moi nomeadamente, a situación socio-político-cultural do país) increméntase dun xeito espectacular a actividade do grupo, que, sen deixar de fazer actuacións nas aldeas e vilas do país, leva os seus cantos a Madrid, Catalunya, Euskadi, Lisboa, Bruxelas, París, Zürich, Brest e participa dous anos consecutivos (1978 e 1979) no mítico Festival Interceltique de Lorient (Franza).

En 1979 Fuxan os Ventos grava o seu cuarto disco (*Sementeira*, Philips-Fonogram) e prodúcese o auténtico boom musical do grupo: as súas actuacións multiplicanse tanto en Galiza como no resto do Estado (Madrid, Barcelona, Bilbao, San Sebastián...) e en moitas cidades europeas (París, Londres, Zurich, Bruxelas, Lisboa, Porto, Brest, Lorient...). Nos anos seguintes (1979-1985) o grupo realiza unha media de cen actuacións por ano e, en moitas delas, logra reunir miles de persoas (máis de 20.000 nalgún caso), nun fenómeno só reservado ata daquela a figuras de primeira fila.

En 1981 o grupo grava con Ruada o seu quinto disco, *Quen a soubra cantar*, nun intento de apoiar o primeiro selo discográfico galego.


Os componentes de Fuxan os Ventos foron variando dende os seus comezos por diferentes circunstancias, chegando a pasar polo grupo até trinta persoas. A comezos do ano 1983 prodúcese a última e definitiva modificación do grupo, abandonándoo dous dos seus componentes e incorporándose un trío de música tradicional. Isto vai supor un cambio radical na súa concepción musical, que, sen abandonar o seu compromiso na defensa da nosa cultura, aposta claramente por unha maior calidade nos arranxos e interpretación do seu repertorio. Desta nova etapa é fidel reflexo o sexto disco, *Noutrora*, gravado no ano 1984 con Fonomusic. Desde estes anos até 1989, o grupo segue co mesmo ritmo de traballo, aumentando as súas actuacións fóra de Galiza, abríndose a circuitos novos. Tocan en Durango (1983) nun Galeuzka musical; na Universidade Popular de Jaén (1985), ou no festival de Agapito Marazuela, en Segovia (1989), na que sería a súa última actuación pública.

Dende esa data até a actualidade, o grupo permanece inactivo de cara ao público, sendo a causa fundamental desta interrupción a imposibilidade de compatibilizar a actividade profesional de cada unha das persoas que o forman co tempo e dedicación que precisaba unha formación das características de Fuxan os Ventos. Só en dúas ocasións rompe o grupo o seu silencio: en maio de 1993, para actuar na Festa Labrega de Láncara (Lugo) organizada polo Sindicato Labrego Galego (SLG) para celebrar a supresión da "cota empresarial agraria", longa loita do mundo rural galego do que Fuxan os Ventos sempre se sentiu partícipe; e en maio de 1997, en Lugo, para celebrar o 25 aniversario da asociación Auxilia, coa que Fuxan sempre colaborou.

Esta última actuación é fundamental para que o grupo se decida a preparar un novo traballo, que cristaliza nun disco que sae á rúa en abril de 1999: *Sempre e más despois* (Fonomusic). O elepé, que producen os propios membros de Fuxan os Ventos, compónse na súa totalidade de pezas tradicionais tanto de recollida propia como tiradas de cantigoneiros, e nel a riqueza de arranxos e a calidade interpretativa e de gravación consolidada unha interesante evolución iniciada polo grupo no anterior disco (*Noutrora*), que sen deixar de ser tradicional e sen abandonar o seu timbre característico, integra instrumentos, sons e técnicas actuais.

No 2002, Fuxan os Ventos edita o seu último traballo discográfico até a data, *Na memoria dos tempos*, con romances e melodías de cantigoneiros tradicionais. O disco serviu tamén para reivindicar a memoria dun feito que non debe nunca repetirse: a catástrofe do Prestige.


Na actualidade, os componentes de Fuxan os Ventos son Carme Vázquez, Xoán L. F. Saavedra, Tereixa Novo, Alfonso Fernández, Moncho Díaz, Maruxa Fociños, Antón Castro, Xosé Vázquez e Pedro Lucas.



ALFONSO FERNÁNDEZ
VOZ




CARMEN VÁZQUEZ
VOZ



MONCHO DÍAZ
VOZ, GUITARRA, FRAUTAS




TEREIXA NOVO
VOZ




PEDRO LUCAS
GAITA, FRAUTAS, VOZ




MARUXA FOCIÑOS
VOZ



ANTÓN CASTRO
ZANFONA, MANDOLINA,
VOZ



XOSÉ VÁZQUEZ
PERCUSIÓN
TRADICIONAL, VOZ



XOÁN L. FUERTES
GUITARRAS, BOUZUKI,
VIOLÍN, VOZ

OS COLABORADORES





CONTACTO CONTRATACIÓN:

Noa Díaz | noa@nonsi.es | Tel. (+34) 981 578 2181 / (+34) 606 672 041

www.nonsi.es